



S A U D E

CONTRA A PRIVATIZACIÓN DA SANIDADE PÚBLICA

Vigo, 4 de febreiro de 2010

SANIDADE PÚBLICA



BANCOS E EMPRESAS

O ataque contra a Sanidade Pública comeza por Vigo



A defensa Tamén....



Qué quieren facer co Novo hospital de Vigo?

- Queren utilizar, para **construílo e xestionalo**, unha fórmula de “**colaboración Público-Privada**”
- Recorrendo a empresas que:
 - **Financian** (Bancos)
 - **Constrúen** (Construtoras)
 - **Xestionan** (Empresas de servizos sanitarios)
- Os novos centros de saúde e o Hospital

Qué quieren facer co Novo hospital de Vigo?

- **As empresas privadas**
 - Redactan o proxectos técnico.
 - Dirixen as obras.
 - Constrúen as infraestruturas, edificios e fornecen o equipamento.
 - Xestionan os servizos non sanitarios.
 - Son Propietarias, en réxime de concesión, do Hospital durante 20 anos.

Qué quieren facer co Novo hospital de Vigo?

- A Administración Pública
 - Paga un canon anual pola utilización do hospital.
 - Xestiona os servizos sanitarios.
 - Durante 20 anos.

Qué argumentos utilizan?

A crise económica non permite facelo doutro xeito.

Mentira: existía un proxecto de financiamento a través dunha sociedade pública que permitía financiarlo sen perder o carácter público

Con este tipo de financiamento Privado constrúese mais rápido, poñen de exemplo o hospital de Lugo, que leva case 10 anos e aínda non está rematado

Mentira: igualan mala xestión con xestión pública e boa xestión con xestión privada. Os que defendemos a Sanidade Pública tamén defendemos a boa xestión.

A Política Privatizadora do Partido Popular

As **Iniciativas de Financiamento Privado (PFI)** son unha **ferramenta para privatizar á Sanidade Pública**, poñendo os seus activos e o seu financiamento nas mans do sector privado e os seus accionistas.

Con estas ferramentas de privatización **incrementáanse os custos finais de construción dos hospitais e dos centros de saúde** moi por riba dos construídos polo sistema público tradicional.

Estes custos tan elevados e progresivos **hipotecan os orzamentos**, de investimento e de gasto corrente do sistema sanitario público, durante moitos anos e trasladan ás xeracións futuras o pago dos actuais centros.

A Política Privatizadora do Partido Popular

Para compensar os maiores custes, **as infraestruturas son de peor calidade, redúcese o número de camas e de persoal**, co que se deteriora a calidade da asistencia sanitaria.

As condicións laborais do persoal das empresas privadas son inferiores e máis precarias que as do sector público, o que xera malestar, desmotivación, provisionalidade e **perda de calidade asistencial**.

A Política Privatizadora do Partido Popular

Existen enfrontamentos entre a parte asistencial (en mans públicas e orientada a satisfacer as necesidades dos pacientes) e o resto dos servizos dos hospitais, **en mans privadas con orientación a conseguir beneficios empresariais.**

A Política Privatizadora do Partido Popular

A **privatización da xestión** deteriora os sistemas de información sanitaria:

- Os hospitais financiados con **PFI** ocultan información por motivos de competencia empresarial.
- Existe perigo para a confidencialidade dos datos dos pacientes en mans de empresas alleas ao sector sanitario.


A **planificación** destes centros non está **ao servizo** das necesidades da cidadanía, senón **dos intereses das empresas e dos seus accionistas**.

É esta unha NOVA forma de xestión?

NON

En realidade **é unha formula de xestión vella.**

Vella e desacreditada alí onde se puxo en marcha e a tiveron que sufrir as traballadoras e traballadores e o conxunto da cidadanía.



Nos anos 90 no Reino Unido cos gobernos conservadores

Nestes últimos anos en Madrid e Valencia co goberno do Partido Popular

Que pasou no Reino Unido?

A experiencia Inglesa ten demostrado que os maiores custos condicionan problemas de infraestruturas e **reducións en camas, persoal e en calidade da asistencia sanitaria:**

- Por cada 200 millóns de libras de incremento de custos perdéronse 1.000 postos de traballo, polo que o persoal reduciuse nun 25% desde a posta en marcha da PFI.
- Perdéronse 13.000 camas entre 1997 e 2001.
- Estes hospitais teñen unhas listas de espera moi elevadas (en áreas esenciais que pon en perigo a saúde dos pacientes).

E cos 7 novos hospitais de Madrid?

- **Ningún** dos 7 novos hospitais PFI entregouse **nos prazos acordados.**
- Isto non supuxo **ningunha sanción para ás empresas concesionarias.**

E cos 7 novos hospitais de Madrid?

- Teñen un **68% menos camas**, 0,95 fronte a 3 camas por mil habitantes dos públicos da CCAA.
- Teñen **externalizada a radioloxía e laboratorio**, que quedan fóra dos centros impedindo contacto con profesionais clínicos.
- Poñen en perigo a **confidencialidade dos datos clínicos** dos pacientes, que están en poder de empresas privadas.

E cos 7 novos hospitais de Madrid?

Médicos por habitante:

- **Centros con xestión privada** (PFI) oscilan entre 0,46 e 0,73 por mil habitantes.
- **Centros Públicos** entre 1,3 e 2,4 por mil habitantes

E cos 7 novos hospitais de Madrid?

HOSPITAL	Médicas/os 1.000 habitantes	Enfermeiras/os 1.000 habitantes
VALLECAS	0,55	1,07
SUR	0,46	1,14
TAJO	0,68	1,70
HENARES	0,67	1,68
SURESTE	0,63	1,16
NORTE	0,73	2,47
MOSTOLES	1,3	4,5

Quén Gaña con todo isto?

A curto prazo:

- **Os gobernos**

- Constrúen hospitais sen que estes investimentos figuren como endebedamento público (cumpren o Tratado de Maastricht)
- Inauguran o hospital, obteñen rendabilidade electoral e pagan os que gobernen despois.

Quén Gaña con todo isto?

A longo prazo:

- **As empresas construtoras**
 - Obteñen enormes beneficios sen correr riscos.
 - Grazas á PFI as construtoras do Reino Unido creceron un 8% en 2003, fronte aos doutros países como Alemania (2,5%) ou Francia (0,7%) que non aplican esta fórmula
 - Conseguiron **entre 3-10 veces máis ingresos** que cos contratos tradicionais co sistema público

E Quén Perde?

Sistema Sanitario Público:

- Paga máis polo mesmo (ou por menos).
- Hipoteca os seus orzamentos e gastos por moitos anos.

E Quén Perde?

A Cidadanía: as usuarias e usuarios:

- En Inglaterra os hospitais PFI reduciron 35.000 camas.
- Estes hospitais teñen:
 - **menos camas** (entre un 35-40%) e
 - **menos persoal** (entre 25-50%)
que os públicos.

Por todo isto temos que dar a batalla en defensa da Sanidade Pública

**Contra a Privatización da Sanidade Pública
Contra a perda e precarización dos postos de traballo
Contra o deterioro dun servizo público esencial**

**Mércores 24 de febreiro ás 20 horas
Manifestación dende o Hospital Xeral**

